

Envío e recepción de datos

A linguaxe PHP proporciónanos un xeito sinxelo de manexar formularios, permitíndonos deste xeito procesar a información que o usuario introduciu. Ao deseñar un formulario debemos indicar a páxina PHP que procesará o formulario, así como en método polo que se lle pasará a información á páxina.

```
--- formulario.html ---

<html>
<head>
  <title>Exemplo de PHP</title>
</head>
<body>
<H1>Exemplo de procesado de formularios</H1>
Introduza o seu nome:
<FORM ACTION="procesa.php" METHOD="GET">
<INPUT TYPE="text" NAME="nome"><BR>
<INPUT TYPE="submit" VALUE="Enviar">
</FORM>
</body>
</html>
```

Ao pulsar o botón **Enviar** o contido de cadro de texto é enviado á páxina que indicamos no atributo **ACTION** da etiqueta **FORM**.

PHP dispón dunha serie de variables predefinidas de tal forma que cando a páxina PHP recibe os datos do formulario automaticamente crea unha variable por cada elemento do **FORM**, esta variable creada ten o mesmo nome que o cadro de texto da páxina anterior e o valor que introduzamos. Neste exemplo creouse unha variable chamada **\$nome** co valor que introduza o navegante.

IMPORTANTE: A partir da versión de PHP 4.2.0 a opción `register_globals` está a *off* de tal xeito que as variables predefinidas xa non están dispoñibles, pero si que están dispoñibles as **matrices PHP predefinidas**. Polo tanto teremos que usar `$_GET['variable']` para acceder ó contido da variable que nos chega polo método **GET**, ou ben `$_POST['variable']` si estamos accedendo a unha variable que nos chega polo método **POST**.

```
--- procesa.php ---

<html>
<head>
  <title>Exemplo de PHP</title>
</head>
<body>
<H1>Exemplo de procesado de formularios</H1>
O nome que introduciu é: <?php echo $_GET['nome']; ?>
<br>
</body>
</html>
```

--Rafael Veiga 11:15 10 feb 2009 (GMT)